

VIEIROS

Edición xeral

‘Os poetas de Vigo con Galicia’

O recién estreado Museo de Arte Contemporáneo de Vigo acolle este venres un acto literario en solidariedade cos afectados polo Prestige.

- 09:38 19/12/2002

‘Os poetas de Vigo con Galicia. Nunca Máis’, é o lema do recital poético que contará coa participación de 16 poetas vencellados á cidade. Unha cita para a reafirmación do compromiso dos creadores co desastre ecolóxico sufrido polo país.

No acto, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, participarán con cadansúa lectura María Xosé Queizán, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Xosé María Cáccamo, Anxo Angueira, Xabier R. Baixeiras, Marta Dacosta, Fran Alonso, María do Carmo Kruckenberg, Vitor Vaqueiro, Román Raña, Marga Romero, Manuel Vidal, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Pexegueiro e Xela Arias.

O lugar: o auditorio do Museo de Arte Contemporáneo, ás 20h. deste venres 20.